

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 31 DE MARZO DE 2022, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO

#### DECRETOS

##### CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Noia da totalidade da estrada AC-310 e de dous treitos das estradas AC-311 e AC-550, xunto co seu dominio público asociado.
- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción Reposición do acceso ao camiño municipal afectado pola construción das obras da VG.- 3.1. p.q. (punto quilométrico) 2+700. San Cibrao das Viñas, no concello de San Cibrao das Viñas (Ourense).

#### ACORDOS

##### VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza superar a porcentaxe para pagamentos anticipados no convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral da Emigración da Xunta de Galicia e a Asociación de Emigrantes Retornados Ulla-Umia (AERU) para o mantemento dunha oficina de información e asesoramento dirixida a persoas emigrantes retornadas, por importe de seis mil euros (6.000€).
- Acordo polo que se autoriza superar a porcentaxe para pagamentos anticipados no convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral da Emigración da Xunta de Galicia e a Fundación Ronsel para o desenvolvemento dun programa de mentores para emprendedores retornados (programa Merlo), por importe de cen mil euros (100.000€).
- Acordo polo que se autoriza superar a porcentaxe para pagamentos anticipados no convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral da Emigración da Xunta de Galicia e a Federación Venezolana de Galicia (Fevega), para o mantemento de

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

oficinas de información e asesoramento dirixidas a persoas emigrantes retornadas en Galicia, por importe de cincuenta mil euros (50.000€).

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia, a Mancomunidade de Concellos Galegos do Camiño Francés e os concellos integrantes da Mancomunidade para actuacións de mellora paisaxística e de promoción do Xacobeo no Camiño Francés, por importe total dun millón trinta e oito mil oitocentos euros (1.038.800€).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Concello de Mos para o proxecto de execución da senda para bici desde o alto de Barreiros á Capela de Santiaguíño, no concello de Mos, por importe total dun millón oitenta e catro mil catrocentos trece euros con setenta e catro céntimos (1.084.413,74€).

## CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda para a prórroga do convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e a entidade Abanca Corporación Bancaria, S.A. para facilitar a permanencia nas súas vivendas das persoas afectadas por execucións hipotecarias, por desafuzamentos por impagamento de rendas e en virtude doutras políticas sociais en materia de vivenda, por un importe total de douscentos cincuenta e cinco mil euros (255.000€), exentos de IVE.

## CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación da obra da terminal de autobuses e de elementos comúns da remodelación da estación ferroviaria integradas na área intermodal de transporte de viaxeiros da Coruña – San Cristovo, financiado polo Plan de recuperación, transformación e resiliencia – financiado pola Unión Europea – Next Generation, cun orzamento de licitación de trinta e nove millóns setecentos setenta e oito mil catrocentos setenta e cinco euros con oitenta e nove céntimos (39.778.475,89€), IVE incluído, e un valor estimado de trinta e dous millóns oitocentos setenta e catro mil setecentos setenta e tres euros con corenta e seis céntimos (32.874.773,46€).

## CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación AS Burgas, para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias e trastornos adictivos, por importe de cento noventa mil cincocentos trinta e cinco euros (190.535 €).

- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Viguesa de Alcohoxía Asvidal, para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias e trastornos adictivos, por importe de douscentos vinte e tres mil douscentos catorce euros (223.214 €).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Exalcohólicos de Ferrolterra, para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias e trastornos adictivos, por importe de cento vinte e seis mil oitenta e un euros (126.081 €).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Unidade de Tratamento do Alcol e Condutas Adictivas Utaca, para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias e trastornos adictivos, por importe de douscentos dezaseis mil setecentos sesenta euros (216.760 €).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Cidadá de Loita contra a Droga da Coruña (Aclad), para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias e trastornos adictivos, dun millón setecentos noventa e sete mil setecentos sesenta e seis euros (1.797.766 €).

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Cidadá de Loita Contra a Droga Alborada para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias e trastornos adictivos, por importe dun millón seiscentos mil novecentos un euros (1.600.901 €).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Ferrolá de Drogodependencias (Asfedro) para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias e trastornos adictivos, por un importe de novecentos noventa e seis mil douscentos once euros (996.211€).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Cruz Vermella de Lugo para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias e trastornos adictivos, por un importe de seiscentos sesenta e dous mil catrocentos setenta euros (662.470 €).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Monte do Gozo para o desenvolvemento do programa terapéutico-educativo Proxecto Home de atención integral de persoal en risco e con trastornos adictivos da Comunidade Autónoma de Galicia e do Programa de tratamento e rehabilitación, en réxime de comunidade terapéutica, da dependencia alcohólica, por importe dun millón quince mil seiscentos noventa euros (1.015.690 €).
- Acordo polo que se autoriza o contrato-programa entre a o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Pública Medicina Xenómica, para a realización das análises xenéticas no ámbito do Servizo Galego de Saúde, por importe de sete millóns de euros (7.000.000€) para o ano 2022 e sete millóns de euros (7.000.000€) para o ano 2023.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL**

- Acordo polo que se autoriza a concesión directa de axudas sociais de carácter extraordinario complementarias do bono social térmico destinado a persoas consumidoras en situación de vulnerabilidade. Importe total: seis millóns seiscentos trinta e nove mil seiscentos euros (6.639.600 €).

### **INFORMES**

### **VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN**

- Informe sobre programas de axudas para impulsar a competitividade das pemes galegas desde a innovación e o deseño.
- Informe sobre a Axenda de impulso da industria forestal – madeira 2022-2024.

### **CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

- Informe sobre o impacto da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa de apoio á reactivación económica de Galicia.

### **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

- Informe sobre a convocatoria para a concesión do distintivo Bandeira Verde de Galicia para o ano 2022.

### **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE**

- Informe sobre o Plan lectura, información e aprendizaxe (LÍA) 2021-2025.

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe sobre o programa galego de detección precoz do cancro colorrectal. Organización e resultados 2013-2020. Xestión do programa durante a pandemia COVID en 2020-2021.

### **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Informe sobre o sometemento á consulta pública previa da elaboración do anteproxecto de Lei de modificación da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE NOIA DA TOTALIDADE DA ESTRADA AC-310 E DE 2 TREITOS DA AC-311 E DA AC-550 NO MUNICIPIO

- Transfírense os 220 metros da AC-310 de acceso ao porto de Noia, un treito de algo máis de 1,3 km da AC-311 e outro de 390 metros da AC-550, correspondentes coas rúas Rosalía de Castro e Costa do Ferrador
- O Concello terá competencia para actuar nestes treitos e asumirá a responsabilidade da súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Noia da totalidade da estrada AC-310 e de dous treitos das estradas AC-311 e AC-550, xunto co seu dominio público asociado, ao seu paso polo municipio.

A través deste decreto transfírense a titularidade dos 220 metros de lonxitude da estrada AC-310 de acceso ao porto de Noia, dun treito de algo máis de 1,3 quilómetros da AC-311, así como do tramo de 390 metros da AC-550 correspondente coas rúas Rosalía de Castro e Costa do Ferrador.

Trátase de treitos cun marcado carácter local e urbano sen funcionalidade dentro da rede autonómica de estradas de Galicia (Raega), que discorren na súa totalidade polo concello de Noia e atravesan solos clasificados como urbanos polo instrumento de planeamento urbanístico vixente.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, de acordo cos informes emitidos polos servizos da Axencia Galega de Infraestruturas, formula a proposta favorable de transferencia da AC-310 que vai do punto quilométrico 0 ao 0+220, do tramo da estrada AC-311, comprendido entre os quilómetros 2+200 e 3+540, así como do treito da AC-550, desde o punto 72+440 ata o 72+830.


A transferencia a prol do Concello de Noia tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Co cambio de titularidade aprobado, o Concello terá a competencia para actuar nestes treitos e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.



## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
comunicacion@xunta.gal  
www.xunta.gal



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA A REPOSICIÓN DO ACCESO AO CAMIÑO AFECTADO POLA CONEXIÓN DO POLÍGONO DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS COA A-52

- Restituirase o acceso deste camiño local ao novo trazado da estrada provincial OU-0516, executando un treito que conecte coa vía de servizo desa nova conexión, cun investimento superior aos 30.000 euros
- A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade prevé formalizar a expropiación dos terreos e executar a obra no segundo semestre deste ano
- A Xunta investiu case 22 M€ na conexión do polígono industrial coa A-52, reducindo nun 60 % o tempo de percorrido, mellorando a conectividade con Celanova e Bande e favorecendo a mobilidade en toda a zona

O Consello da Xunta autorizou hoxe a declaración da utilidade pública pola que se dispón a urxente ocupación dos terreos necesarios para executar as obras de reposición do acceso ao camiño municipal afectado pola nova conexión do polígono de San Cibrao das Viñas coa autovía A-52, a autovía das Rías Baixas.

Esta intervención suporá un investimento da Xunta superior aos 30.000 euros, incluíndo o pagamento dos 3 predios afectados nesta actuación.

A previsión da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade é formalizar a expropiación dos terreos e executar a obra no segundo semestre deste ano.

A actuación céntrase na restitución do acceso do camiño municipal ao novo trazado da estrada provincial OU-0516, executando un novo treito de camiño que conecte o actual coa vía de servizo da nova conexión do parque empresarial de San Cibrao das Viñas coa A-52. Tras a execución da nova conexión e a reposición da estrada provincial OU-0516 na contorna do quilómetro 2+700 da nova vía, o camiño municipal interceptado deixou de ter acceso á citada estrada provincial.

As obras para restablecer o acceso da estrada local ao novo trazado da estrada OU-0516 inclúen a apertura dun desmonte ao final do camiño que dea continuidade ata a cota de conexión necesaria, ata acadar un novo tramo de camiño de 90 metros de lonxitude en saburra, horizontal e cunha anchura de 4 metros.

A intervención tamén comprenderá a instalación de barreiras de seguridade e o acondicionamento do acceso da vía de servizo existente á estrada provincial,

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

transformando a gabia actual en canle, estendendo un dobre tratamento superficial e colocando un sinal de Stop.

### **Nova conexión do polígono industrial**

A Xunta, mediante esta intervención, dá resposta á solicitude do Concello de San Cibrao das Viñas de executar esta conexión nun camiño municipal que quedou afectado polas obras de acceso ao polígono industrial desde a A-52.

O Goberno galego, tras un investimento de case 22 millóns de euros, puxo en servizo a nova conexión do polígono industrial de San Cibrao das Viñas coa autovía das Rías Baixas, constituíndo unha infraestrutura estratéxica para o pulmón empresarial de Ourense, ao enlazar nun único punto con esta autovía e a de Celanova, a AG-31.

A nova vía permite, desde setembro de 2020, unha conexión directa e áxil ao parque empresarial, chegando a reducir nun 60 % o percorrido de conexión coa autovía A-52, ademais de supoñer reforzo da seguridade viaria e mellorar a conectividade con Celanova e Bande, favorecendo a mobilidade en toda a zona.

Cun gran viaduto de case 500 metros de lonxitude, con 4 pasos inferiores e cun paso superior, esta nova infraestrutura de máis de 4,5 quilómetros foi deseñada co obxectivo de compatibilizar o respecto ambiental da contorna coa necesidade de garantir un servizo axeitado aos seus usuarios que, nunha alta porcentaxe, son condutores de vehículos pesados.

Plano da planta da actuación:

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS



### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA COLABORA COAS ASOCIACIÓNS DE APOIO A GALEGOS RETORNADOS PARA O FUNCIONAMENTO DAS SÚAS OFICINAS DE INFORMACIÓN, ASESORAMENTO E FORMACIÓN**

A Secretaría Xeral da Emigración asinará, así, tres convenios por un montante total de 156.000 euros coa Federación Venezolana de Galicia, a Fundación Ronsel e a Asociación de Emigrantes Retornados Ulla-Umia

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura de tres convenios da Secretaría Xeral da Emigración con asociacións de apoio a galegos retornados para o mantemento de oficinas de información e asesoramento, así como para programas formativos, co obxectivo de ofrecer aos galegos que volven á comunidade autónoma a maior cobertura posible no seu proceso de adaptación á sociedade galega.

Deste xeito, a Secretaría Xeral da Emigración asinará un convenio coa Federación Venezolana de Galicia (Fevega), que facilitará o mantemento das oficinas de información e asesoramento, tanto en Vigo, Ourense e Lugo, como unha a maiores itinerante, dirixidas a persoas emigrantes retornadas en Galicia. O importe da colaboración será de 50.000 euros.

Co mesmo fin, pero co obxectivo de manter a oficina de información e asesoramento a retornados da comarca de Caldas de Reis, destinaranse 6.000 euros á Asociación de Emigrantes Retornados do Ulla-Umia (AERU), de xeito que poidan dar apoio aos galegos que deciden regresar e iniciar unha nova vida neste ámbito da provincia de Pontevedra.

Finalmente, o Consello da Xunta tamén autorizou o convenio de colaboración entre Emigración e a Fundación Ronsel para o desenvolvemento dun programa de mentores para emprendedores retornados, o Programa Merlo, que conta cun importe de 100.000 euros. O obxectivo é ofrecer o maior apoio posible a estes emprendedores para consolidar os seus negocios na Comunidade Autónoma galega.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA IMPULSARÁ CON MÁIS DUN MILLÓN DE EUROS A MELLORA PAISAXÍSTICA E A PROMOCIÓN DO CAMIÑO FRANCÉS

- Un total de 11 concellos situados neste trazado beneficiaranse deste investimento a través da sinatura dun convenio entre Turismo de Galicia, a Mancomunidade de Concellos Galegos do Camiño Francés e os concellos integrantes da mancomunidade.
- No marco do convenio desenvolveranse dúas liñas de acción que permitirán, por un lado, acometer actividades culturais e accións de embelecemento deste trazado e dos bens que se atopan nel e, por outro, impulsar as actividades da propia Mancomunidade
- O Camiño Francés segue a ser o máis escollido entre os peregrinos que recollen a compostela, algo máis de 98.000 o ano pasado neste itinerario.

O Consello da Xunta aprobou a renovación do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia, a Mancomunidade dos Concellos Galegos do Camiño Francés e os concellos integrantes da Mancomunidade para actuacións de mellora paisaxística e de promoción da celebración do Xacobeo 21-22 no Camiño Francés, o que permitirá desenvolver dúas liñas de actuación diferentes orientadas a estes obxectivos.

Trátase da mancomunidade máis antiga das creadas para a xestión dos diferentes camiños e, coa sinatura deste convenio, a Xunta renova a súa confianza na xestión e no bo facer desta entidade e o seu traballo no impulso do Camiño Francés.

Cunha duración de dous anos e un importe total consignado de 1.038.800€, distribuído en dúas anualidades de igual importe, o convenio beneficiará tanto a mancomunidade coma aos 11 concellos que a integran: Arzúa, Melide, Monterroso, Palas de Rei, Paradela, Pedrafita do Cebreiro, O Pino, Portomarín, Samos, Sarria e Triacastela.

#### **Dúas liñas de actuación**

O obxectivo que se persegue con este convenio é darlle continuidade ás liñas de actuacións que se veñen desenvolvendo entre a Xunta en colaboración con estas entidades para a promoción e posta en valor do Camiño Francés. Así, o convenio desenvolveranse en dúas liñas de actuación. A primeira delas, orientada a accións nos concellos polos que transcorre o Camiño Francés, permitirá acometer actuacións en materia de mellora paisaxística e de embelecemento de bens e recursos que se atopan neste itinerario, o máis transitado polos peregrinos en dirección a Santiago, ademais de desenvolver actividades culturais e turísticas que contribúan á promoción do Xacobeo.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A segunda das liñas de actuacións permitirá dotar a Mancomunidade de Concellos do Camiño Francés dun técnico para desenvolver diferentes actuacións que beneficien o territorio en materia de calidade turística, xestión da propia Mancomunidade, así como unha actuación global que implique a todos os concellos orientada á promoción do Xacobeo e do Camiño Francés en todo o territorio que ocupan os municipios polos que transcorre este trazado.

Este convenio vén asinándose cos concellos galegos do Camiño Francés desde 2014 a través de diferentes convenios plurianuais que se traduciron en achegas de case 3,3 millóns de euros, importe a que agora se suma esta nova asignación de máis dun millón de euros.

Entre 2014 e 2016 e 2017-2019 os convenios foron asinados con carácter trianual, con asignacións de importes arredor dun millón de euros mentres que a partir de 2020 se asinan convenios cada dous anos, o que se traduce en asignacións anuais de arredor de medio millón de euros para o desenvolvemento de actuacións que teñen por obxectivo actuacións nas liñas de actuacións consignadas.

O Camiño Francés segue a ser o itinerario máis empregado polos peregrinos que chegan á tumba do Apóstolo. En 2021 un 54 % das preto de 180.000 compostelas entregadas foron de persoas que acreditaron a súa peregrinación a través deste trazado, o que supuxo un total de 98.090 persoas.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA COLABORA CO CONCELLO DE MOS NO IMPULSO DO CICLOTURISMO E A SEGURIDADE VIARIA PEONIL NO CAMIÑO

- O obxectivo do convenio de colaboración asinado con Turismo de Galicia é mellorar a seguridade viaria e a convivencia entre peóns, vehículos e ciclistas, especialmente no tramo en que o trazado coincide co Camiño de Santiago
- A actuación afecta un tramo de 3,5 quilómetros de lonxitude e suporá un investimento de máis dun millón de euros distribuídos en dúas anualidades co obxectivo de seguir avanzando na mellora da mobilidade e nun Camiño máis seguro

O Consello da Xunta aprobou hoxe un convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Concello de Mos para a execución dunha senda cicloturista e actuacións encamiñadas á mellora da convivencia entre peóns, vehículos e peregrinos entre o alto de Barreiros e a Capela de Santiaguíño, onde a estrada conflúe co Camiño Portugués.

A intervención suporá actuacións nun trazado que se estende ao longo de 3,5 quilómetros en que se fará un investimento total de algo máis dun millón de euros (1.084.413,74 euros) dos que Turismo de Galicia asumirá algo máis de 750.000 euros, distribuído en dúas anualidades de 361.471,28 euros este ano e 391.646,12 euros en 2023.

O ámbito de actuación correspóndese co trazado da estrada municipal que comunica as parroquias de Torroso e Mos co núcleo rural de Santiaguíño, na parroquia de Louredo. O obxectivo que se pretende acadar con este proxecto é que o Concello de Mos poida seguir avanzando en materia de mobilidade e de seguridade viaria, con especial atención á protección dos colectivos máis vulnerables: peóns, ciclistas e persoas con mobilidade, nun trazado en que a actuación ten que ser especialmente coidada, xa que afecta nunha parte o Camiño de Santiago.

Trátase dun trazado municipal moi transitado cun ancho reducido que non dispón ata o momento de itinerarios peonís seguros polo que a actuación estaría encamiñada a deseñar un trazado seguro onde convivan peóns e ciclistas cun ancho non inferior a 2,5 metros que permitan xerar plataformas de convivencia con vehículos, especialmente naqueles tramos onde o trazado convive co Camiño.

Precisamente neste sentido, o convenio aprobado permitirá embelecer o camiño coa disposición de zonas empedradas con lastros nos encontros do camiño coa vía e, especialmente na contorna do Cruceiro de Santiaguíño, co fin de pór en valor o patrimonio cultural e favorecer a sinalización silenciosa do itinerario de peregrinación.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Cómpre lembrar que a actuación se sitúa no Camiño Portugués, o segundo itinerario máis escollido polos peregrinos que transitan cara á Santiago. Xunto ao Portugués da Costa aglutina case a cuarta parte dos peregrinos que recollen a súa acreditación de ter feito a peregrinación.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)





## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA GARANTIRÁ A VIVENDA A 76 FAMILIAS DE COLECTIVOS VULNERABLES ATA O VINDEIRO ANO

- O Goberno galego xestionará ata 2023 os inmobles cedidos por Abanca, para o que dispón 255.000 euros
- Facilitase, por unha banda, a permanencia na vivenda das familias que resultaran afectadas por execucións hipotecarias e, por outra, posibilitase a cesión temporal por parte da entidade de inmobles para a súa posta en réxime de alugueiro social

A Xunta garantirá un ano máis o acceso a unha vivenda digna a 76 familias de colectivos vulnerables. O Consello da Xunta autorizou a sinatura da addenda do convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) e a entidade bancaria Abanca, con que se renova a cooperación para destinar vivendas de alugueiro social cedidas pola entidade ata o ano 2023.

Grazas á renovación do convenio, a Xunta aboará 255.000 euros para, por unha banda, facilitar a permanencia na vivenda das familias que resultaran afectadas por execucións hipotecarias —7 nestes momentos— e, por outra, posibilitar a cesión temporal por parte de Abanca de inmobles para a súa posta en réxime de alugueiro social —as restantes 69 familias, residentes en 39 concellos—.

O importe que os inquilinos deben aboar mensualmente polo arrendamento destes inmobles é dun máximo de 75 euros no primeiro dos supostos e non supera os 125 euros no caso das vivendas de alugueiro social.

O primeiro convenio coa entidade bancaria asinouse en 2015 e renovouse en 2019, o que se traduciu xa na mobilización de case 1 millón de euros.

#### **Bono de alugueiro social**

Cómpre lembrar que esta non é a única medida habilitada pola Xunta para facilitar un fogar a aquelas familias que o necesitan. Para aqueles casos que precisan dun apoio urxente, cóntase co Bono de alugueiro social.

Coa concesión desta axuda —cuxo prazo de solicitude está aberto— e do complemento, o beneficiario recibe o 100 % da mensualidade máxima do alugueiro, que no caso das sete cidades galegas pode chegar ata os 450 euros; en concellos de tamaño medio, ata 400 euros, e no resto, 350 euros.

A Xunta dispón tamén do bono de alugueiro social para vítimas de violencia de xénero, os seus fillos dependentes e vítimas de explotación sexual, cuxos beneficiarios reciben

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

así mesmo o 100 %. Este bono específico creouse en 2019 e a convocatoria de 2022, pendente de publicar, prevé un orzamento de máis de 2 millóns de euros.

O Goberno galego traballa para que os cidadáns non perdan o seu fogar, por iso dentro do Pacto social pola vivenda 2021-2025 definíronse e activáronse estas e outras medidas encamiñadas a dar cobertura ás persoas en risco de perder a súa vivenda ou que xa a perderon por non poder facer fronte ao pagamento da cota hipotecaria.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN DAS OBRAS DA TERMINAL DE AUTOBUSES, O APARCADOIRO E OS ELEMENTOS COMÚNS DA ESTACIÓN INTERMODAL DA CORUÑA, POR CASE 40M€**

- O Goberno galego licitará de xeito inmediato estas intervencións estratéxicas para a cidade, que executará e ás cales achegará un investimento de 18,86 M€
- Tamén licitará os contratos de asistencia técnica para o seguimento dos traballos por importe de 1,7 M€, dos que 0,8 M€ serán financiados pola Administración autonómica
- A terminal de autobuses acometerase en paralelo á avenida da Sardiñeira, cun edificio de 2.500 m<sup>2</sup> e 20 dársenas, sobre un aparcadoiro con 325 prazas para turismos e 44 para vehículos de alugueiro
- A intervención de remodelación da estación da Coruña–San Cristovo e a terminal de autobuses incorporará as infraestruturas ou instalacións que son compartidas por ambas as estacións
- Os accesos polas avenidas da Sardiñeira e do Ferrocarril serán executados polo Concello da Coruña
- A remodelación da estación ferroviaria corresponderalle a ADIF, que deberá contratar e executar as actuacións, que suporán un investimento de preto de 50 M€

O Consello da Xunta deu hoxe o seu visto e prace á contratación das obras da terminal de autobuses, o aparcadoiro e os elementos comúns da reforma ferroviaria que configurarán a estación intermodal da Coruña.

As obras cuxa licitación autorizou hoxe o Goberno galego por importe de 39,77 millóns de euros correspóndense coas actuacións recollidas no convenio asinado o pasado día 22 de marzo co Concello da Coruña e Adif. A achega da Xunta ascenderá a 18,86 millóns de euros, correspondendo ao Concello 12,91 millóns de euros e a Adif 8,01 millóns.

Este orzamento será cofinanciado no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea, a través dos fondos Next Generation EU.

Mediante este acordo o Executivo autonómico habilita a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade para licitar de xeito inmediato as obras deste proxecto estratéxico para a cidade da Coruña, que se prevé realizar a primeiros do mes de abril.

O departamento de Infraestruturas da Xunta asume a execución da estación de autobuses co aparcadoiro de turismos, e dos elementos comúns entre as estacións de autobuses e a nova estación ferroviaria. Tras licitar estes traballos, a Xunta procederá

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

tamén á licitación dos contratos de asistencia técnica para o seguimento das obras por importe de 1,7 M€, dos que 0,8 M€ serán achegados pola Administración autonómica.

O proxecto da estación intermodal da Coruña conta coa aprobación urbanística tras a súa tramitación ao abeiro da Lei 3/2016 de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou excepcional interese e ser aprobado polo Consello da Xunta.

En relación cos accesos nas avenidas da Sardiñeira e do Ferrocarril, serán executados e financiados polo Concello da Coruña, cunha achega de 4 millóns de euros.

A remodelación da estación ferroviaria corresponderalle a Adif, que investirá preto de 50 millóns de euros.

### **Aposta pola intermodalidade**

O Goberno galego está a apostar con determinación pola intermodalidade en Galicia, a través do deseño de infraestruturas funcionais, eficientes e estéticas que permitan un intercambio áxil e seguro entre os distintos modos de transporte.

A estación de autobuses intermodal desenvolverase en paralelo á avenida da Sardiñeira e ao trazado ferroviario, sobre unha parcela de 21.000 metros cadrados e estará dividida en dous niveis: no superior situarase a estación propiamente dita, co edificio de viaxeiros e a zona de dársenas, ademais da pasarela peonil de comunicación coa avenida do Ferrocarril, e no inferior, a cota variable, situarase o aparcadoiro, a zona de comunicación peonil coa estación e as dársenas de regulación.

O acceso peonil ao novo edificio da estación de autobuses poderá realizarse desde a avenida da Sardiñeira, a través da pasarela peonil de conexión coa avenida do Ferrocarril, ou desde a propia estación de tren e o aparcadoiro.

Os autobuses accederán por un ramal da glorieta que se prevé construír na avenida da Sardiñeira, desde a cal se poderán dirixir, tanto á zona das dársenas como ao aparcadoiro de regulación, no suroeste da parcela.

Os vehículos dirixiranse ao aparcadoiro desde a futura glorieta da Sardiñeira ou desde a glorieta da avenida do Ferrocarril, a través do túnel que se prevé executar baixo a estación de San Cristovo.

O edificio da estación terá 2.500 metros cadrados, distribuídos en tres andares. O andar máis alto será de acceso restrinxido ao persoal autorizado e acollerá as instalacións e os cuartos técnicos. No andar baixo, desde o vestíbulo accederase a unha zona de circulación e espera, cun desenvolvemento lonxitudinal arredor do cal se disporán a

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

cafetaría, os despachos de billetes, aseos, sala de seguridade, facturación, ademais doutras oficinas privadas.

A zona de dársenas estará á cota do andar baixo do edificio, de forma que serán os autobuses e non os viaxeiros a pé os que circulen baixo a terminal para entraren e saíren. A estación contará con 20 dársenas de operación e unha zona de regulación no aparcadoiro, con máis de 20 prazas.

O aparcadoiro de turismos dispón de 325 prazas de estacionamento, máis 44 para vehículos de alugueiro, das cales unha porcentaxe se reservará para persoas con mobilidade reducida, para familias e embarazadas e para coches de carga eléctrica. Así mesmo, proxéctase habilitar prazas para motocicletas.

A intervención proxectada de elementos comúns da remodelación da estación da Coruña–San Cristovo e a terminal de autobuses incorpora as infraestruturas ou instalacións que son compartidas por ambas as estacións, e define ademais o proceso construtivo que garanta a independencia e a compatibilidade construtiva entre ambas.

Deste xeito, a intervención proxectada recolle tanto os elementos propios da estación ferroviaria ou da estación de autobuses como aqueles cuxo uso deba ser común, co obxecto de lograr a independencia construtiva dos proxectos e a eficiencia da construción e o seu posterior mantemento.

Imaxes do proxecto da nova estación de autobuses:

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS



### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA DESTINA PRETO DE SETE MILLÓNS DE EUROS A PROGRAMAS DE ASISTENCIA A PACIENTES CON TRASTORNOS ADICTIVOS

- O convenio que autoriza hoxe o Consello implican un aumento de 500.000 euros, un 8 % respecto ao ano pasado
- O orzamento global para a atención ás drogodependencias aumentou en 1,5 millóns en relación a 2021

O Consello da Xunta autorizou os convenios de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e diferentes asociacións sen ánimo de lucro, para o desenvolvemento de programas de asistencia a pacientes con trastornos adictivos, por un importe total de 6.829.628 euros. Isto supón un aumento de medio millón de euros, un 8 % do orzamento respecto ao do ano pasado, que ascendeu a 6.327.706 euros.

En concreto, as entidades destinatarias destas axudas son a Asociación As Burgas, a Asociación Viguesa de Alcoholoxía Asvidal, a Asociación de Exalcohólicos de Ferrolterra, a Asociación Unidade de Tratamento do Alcoholismo e Conductas Adictivas Utaca, a Asociación Cidadá de Loita contra a Droga Aclad da Coruña, a Asociación Cidadá de Loita contra a Droga Alborada de Vigo, a Asociación Ferrolá de Drogodependencias Asfredo, a Cruz Vermella de Lugo, e a Fundación Monte do Gozo, para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias e trastornos adictivos.

Estas nove asociacións desenvolverán programas de intervención de asistencia sanitaria e especializada, e de atención desde un enfoque biopsicosocial a persoas con trastornos relacionados coas drogas de uso ilícito, alcohol, tabaco, xogo e outros trastornos adictivos. O obxectivo é dar unha resposta integral a estes pacientes e ás súas familias atendendo a criterios, guías e procedementos establecidos polo Servizo Galego de Saúde. Nestas colaboracións destacan a particular importancia e interese público do establecemento de actuacións conxuntas en materia de asistencia aos trastornos adictivos en Galicia, para acadar o tratamento, a incorporación social e a recuperación destes pacientes.

No desenvolvemento destes programas, as entidades beneficiarias destes convenios atenderán toda a demanda xerada neste período, na súa área de influencia, respectando os principios de universalidade, anonimato, voluntariedade e gratuidade. Os programas teñen en conta os aspectos necesarios para dar resposta ás necesidades dos colectivos máis vulnerables e atendendo á perspectiva de xénero.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Na actualidade, as adiccións son consideradas como unha enfermidade que require un tratamento multidisciplinar e personalizado. Ante calquera problema relacionado coas adiccións, aconséllase acudir a un centro de tratamento específico directamente, ou ben solicitar axuda aos profesionais de atención primaria que avaliarán cada caso e derivarán ao centro que proceda.

### **Investimentos de 11,4 millóns de euros para tratar as adiccións**

O financiamento que a Xunta vai dedicar este ano a atención as adiccións desde equipos multidisciplinares é de 11.412.324 euros. Esta cantidade supón un incremento do 4,6 % respecto ao orzamento de 2021, que foi de 10.908.747 euros.

Así, os convenios que se autorizan no día de hoxe veranse complementados proximamente coa sinatura doutros oito convenios con entidades para o desenvolvemento de programas de atención xurídico-social a pacientes con trastornos adictivos, por valor de 309.806 €, o que supón un incremento con respecto ao ano pasado dun 3,58 %, cando se investiron 2021 299.112 euros.

Ademais, este mes de xaneiro publicouse a convocatoria de axudas ás entidades sen ánimo de lucro, para realizar programas de incorporación social en vivendas para pacientes estabilizados nas unidades asistenciais con especialización en drogodependencias. Para o financiamento destas subvencións preveuse un crédito inicial de 250.000 €, o que supón un incremento dun 10 % respecto á convocatoria do ano pasado.

Finalmente, a actuación da Xunta de Galicia para a atención a pacientes con trastornos adictivos, complétase coa colaboración cos concellos para soste as unidades de atención a drogodependencias, unha colaboración que neste ano 2022 superará por primeira vez os catro millóns de euros.

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA INVESTIRÁ 14 MILLÓNS DE EUROS EN DOUS ANOS PARA A REALIZACIÓN DE ANÁLISES XENÉTICAS

- O Servizo Galego de Saúde e a Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica establecen un acordo para garantir o acceso á diagnose xenética dos doentes ou familias con sospeita de enfermidade de base xenética
- A Xunta duplicou o orzamento para esta Fundación nesta lexislatura, que pasa dos 3,4 millóns de euros transferidos en 2020 ata os 7 millóns de euros no 2022
- O pasado mes de novembro a Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica puxo en marcha un novo equipo de secuenciación masiva de ADN adquirido grazas á colaboración entre a Xunta e a Fundación Amancio Ortega

O Servizo Galego de Saúde e a Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica (FPGMX) estableceron un contrato-programa para a realización das análises xenéticas no ámbito do Sergas, tal e como informou hoxe a Consellería de Sanidade ao Consello da Xunta. O orzamento deste acordo é de 14 millóns de euros, abarca as probas realizadas nas sete áreas sanitarias galegas e ten unha duración de dous anos, coa posibilidade de prorrogarse outros dous máis.

O obxectivo deste contrato-programa é asegurar un acceso ao diagnóstico xenético dos doentes, así como das familias con sospeita de enfermidade de base xenética, co fin de que este sexa efectivo e áxil, en condicións de equidade e calidade científico-técnica e, segundo criterios de accesibilidade, universalidade, homoxeneización e coordinación. Serán os propios centros do Servizo Galego de Saúde os que soliciten á Fundación a realización destas análises, tal e como está regulado a través dunha instrución da Xerencia do Sergas emitida no ano 2018 para ordenar a realización das probas e análises xenéticas aplicadas á asistencia sanitaria en todos os centros.

Desde o Sergas trátase de consolidar a atención a estes pacientes, cunha prestación de servizos que abrangue aspectos como a diagnose de enfermidades ou trastornos de base xenética, mediante a integración da información clínica persoal e familiar e a obtida tras a realización dos estudos xenéticos.

Tamén busca a transmisión de información, de xeito claro e comprensible, sobre o risco de recorrencia da enfermidade ou trastorno, as consecuencias para o paciente e a súa descendencia e as posibilidades de prevención pre e posnatal e, ademais, ocúpase da derivación das persoas e familiares aos distintos profesionais especializados, ou grupos de apoio necesarios, para o manexo axeitado de cada situación.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Actualmente, esta Fundación sitúase como o centro de maior volume de España no diagnóstico de enfermidades xenéticas.

### **Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica**

A potenciación da capacidade resolutive da Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica é unha prioridade desde hai anos para o Goberno galego, consciente do incremento da demanda asistencial crecente e o impacto da Medicina personalizada na práctica clínica. En consecuencia, a Xunta duplicou o orzamento para esta fundación nesta lexislatura, que pasa dos 3,4 millóns de euros transferidos en 2020 ata os 7 millóns no 2022. As análises xenómicas dos pacientes do Sergas increméntanse un 15 % anualmente, achegándose aos 30.000 na actualidade.

O pasado mes de novembro a Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica puxo en marcha un novo equipo de secuenciación masiva de ADN adquirido grazas á colaboración entre a Xunta e a Fundación Amancio Ortega. A súa adquisición foi froito dun convenio asinado en maio de 2020 entre o Sergas e a Fundación Amancio Ortega, para sufragar os custos de adquisición e o servizo de mantemento por un período de cinco anos deste equipo, que ascendeu a 1,2 millóns de euros máis o IVE.

Este novo equipo de última xeración ten capacidade para secuenciar xenomas humanos completos a grande escala, e permitirá reducir, de forma inmediata, os tempos e custos de moitas das probas necesarias para o diagnóstico xenético con todas as garantías, así como abordar probas para os que non se dispuña de capacidade suficiente. No eido da investigación, contar con este equipo posicionará a Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica nunha situación estratéxica para participar en grandes proxectos de secuenciación e permitirlle avanzar no estudo de importantes patoloxías de carácter xenético.

A Xunta de Galicia está, ademais, a confiar na Fundación para colaborar nas liñas prioritarias da súa política sanitaria. Así, a FPGMX participou na elaboración da recentemente aprobada Estratexia galega en enfermidades raras, en cuxo desenvolvemento xogará un papel fundamental, e participa activamente no desenvolvemento do Plan de saúde mental de Galicia, coa elaboración dun estudo a través da análise farmacoxenética de pacientes a tratamento con determinados fármacos. Isto permitirá axustar doses e evitar reaccións adversas, para os efectos de que tal información sobre xenotipos de risco poida ser incorporada nos sistemas de información clínica do Sergas.

Así mesmo, a posición da FPGMX como referente a nivel nacional é un dos factores expostos dentro dos proxectos que conforman a candidatura galega en materia de

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

medicina personalizada para integrarse no Proxecto estratéxico de recuperación e transformación económica (PERTE) para ese ámbito presentado polo Goberno de España.

O feito de que o director desta fundación autonómica, Ángel Carracedo, sexa pola súa vez o coordinador do programa de medicina xenómica do programa nacional IMPaCT (Infraestrutura de medicina de precisión asociada á ciencia e tecnoloxía), sitúa Galicia nunha posición privilexiada para xogar un papel protagonista no desenvolvemento da medicina personalizada de precisión en España.

Non en van, a Xunta propuxo neste mes de marzo o doutor Carracedo como candidato ao Premio Princesa de Asturias na categoría de investigación científica e técnica, dada a súa condición de figura máis representativa da medicina forense a nivel mundial e a extensión do seu labor no campo da xenética clínica e medicina xenómica.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA PAGARÁ EN ABRIL O BONO SOCIAL TÉRMICO E O SEU COMPLEMENTO A 66.400 FOGARES GALEGOS

- As contías totais oscilarán entre os 228 e os 473 euros, en función de se é considerada unha familia vulnerable ou moi vulnerable e da zona climática de Galicia onde reside
- As familias non teñen que facer ningún trámite, recibirán o ingreso na súa conta de xeito automático

O Consello da Xunta deu luz verde ao pagamento do bono social térmico e do complemento autonómico de 100 euros para axudar a 66.400 fogares galegos coas facturas da enerxía para calefacción, cociña e auga quente. As contías deste bono oscilarán entre os 228 e os 473 euros, en función de se a familia é considera vulnerable ou moi vulnerable e da zona climática de Galicia onde reside.

Os fogares que sexan destinatarios desta axuda, que son os mesmos que os que teñen descontos na súa factura da luz grazas ao bono social eléctrico, non teñen que facer ningún trámite, recibirán o ingreso na súa conta de xeito automático. Nos vindeiros días recibirán na súa casa unha carta que os informará da contía que se lles transferirá e da conta bancaria en que se fará o ingreso.

Esta iniciativa forma parte do plan de choque aprobado pola Xunta de Galicia. Este plan conta con 12 medidas destinadas a mitigar o impacto do incremento do gastos enerxéticos dos últimos meses e están dirixidas basicamente a facilitar liquidez aos sectores afectados, apoiar tecido produtivo e axudar ás familias a chegar a fin de mes, especialmente ás máis vulnerables.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA ACTIVARÁ NO MES DE ABRIL 4,3M€ PARA QUE AS PEMES E MICROEMPRESAS GALEGAS SE BENEFICIEN DAS VANTAXES DA INNOVACIÓN**

- O Goberno galego avanza no seu compromiso de achegar a cultura innovadora ao tecido empresarial coas novas convocatorias de InnovaPeme e DeseñaPeme
- Estas dúas liñas, de concorrencia competitiva, prevén unha mobilización de 8,6 millóns de euros
- Forman parte do conxunto de axudas da Administración autonómica para acompañar as pequenas e medianas empresas e súmanse aos préstamos IFI Innova postos en marcha esta mesma semana cun orzamento de 2,5 millóns de euros

O Consello da Xunta avaliou na súa reunión desta mañá as novas convocatorias dos programas InnovaPeme e DeseñaPeme, con que o Goberno galego prevé apoiar ao redor de 90 pemes e microempresas no obxectivo de introducir as vantaxes da innovación en procesos, organización, produtos e servizos. Investiranse 4,3 millóns de euros que permitirán mobilizar 8,6.

Deste xeito, a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación mantén o seu compromiso coa mellora da competitividade do tecido empresarial galego a través da innovación, poñendo o foco nas empresas de menor tamaño, con máis dificultades para emprender este camiño.

Por unha banda, convocarase en abril a quinta edición de InnovaPeme, unha liña de axudas destinadas a incrementar as capacidades e actividades en plans de innovación das pemes e microempresas galegas con pouca ou nula experiencia neste eido. Cun orzamento de 2,8M€ permitirá ás beneficiarias poñer en marcha proxectos innovadores en procesos e organización, identificar tecnoloxías clave do seu negocio, mellorar a comercialización de produtos e servizos, captar financiamento ou protexer industrialmente os seus resultados.

A convocatoria de InnovaPeme será de concorrencia competitiva e prevé outorgar axudas de entre 40.000 a 100.000 euros a preto de 40 empresas e, deste xeito, contribuír a incrementar o número de compañías innovadoras, potenciar a colaboración das pemes galegas co resto de axentes do ecosistema e aumentar o gasto de I+D e de actividades vencelladas á innovación.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Tamén no mes de abril se publicará unha nova edición, a segunda, de DeseñaPeme, co reto de seguir avanzando na mellora da capacidade de innovación e sustentabilidade das empresas a través do impulso da xestión do deseño como valor estratéxico.

Nesta ocasión o obxectivo é apoiar 50 proxectos centrados no deseño de produto, de servizos e experiencias, así como de marca e identidade corporativa para favorecer a posición das empresas. As axudas, de concorrencia competitiva, contarán cun orzamento de 1,5M€, valorarán a xeración de deseños sustentables e outorgarán apoios de entre 5000 e 100.000 euros.

Ambas as dúas liñas da Vicepresidencia económica, a través da Axencia Galega de Innovación, forman parte do conxunto de apoios específicos para o impulso innovador nas pemes, como os préstamos IFI Innova -cuxo prazo está aberto desde esta semana cun orzamento de 2,5M€-; o programa ReAcciona; a aceleradora Galicia Avanza -que promoverá desde a Tecnópole, en San Cibrao das Viñas (Ourense), a comercialización e internacionalización de produtos e servizos innovadores- ou os bonos de innovación que tamén se activarán este ano.

Grazas á posta en marcha en 2017 de InnovaPeme, xa se apoiaron 160 pemes cun orzamento de 13,3 millóns de euros e unha mobilización de 26,6, co mantemento de 767 postos de traballo en eidos como as TIC, a enxeñaría ou o sector agroalimentario. DeseñaPeme, pola súa banda, investiu o pasado ano 1,5 millóns de euros para apoiar 25 proxectos que mobilizaron 2,95 millóns e fixeron posible a creación e mantemento de 86 contratos.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A AXENDA DA INDUSTRIA FORESTAL PREVÉ PARA 2024 QUE O SECTOR INCREMENTE EN GALICIA A SÚA FACTURACIÓN NUN 8 %, ATA OS 2.700M€, E ACADE OS 25.000 EMPREGOS**

- A nova folla de ruta, desenvolvida en colaboración coas empresas e os centros de coñecemento, contará cun orzamento de 55,5 millóns de euros, beneficiando de xeito directo arredor de 700 empresas
- Estrutúrase arredor de catro eixes de actuación: a mellora do capital humano a través da formación; o impulso á innovación; a cooperación e a valorización; e a competitividade, desenvolvemento e diversificación do sector
- Priorizaranse medidas como o fomento de vocacións e a captación de talento, con especial atención ao feminino
- Promoverase o uso da madeira con prescritesores e consumidores finais en eidos como a construción e impulsaranse novos produtos con este material
- Apóstase así por unha industria baseada na bioeconomía, respectuosa co medio ambiente e que promove hábitats confortables, coa previsión de mobilizar durante os próximos tres anos preto de 140 millóns de euros de investimento público-privado

A Axenda da industria forestal-madeira 2022-2024 contará cun orzamento de 55,5 millóns de euros, cos que se prevé mobilizar preto de 140 millóns de euros no reforzo da competitividade e a modernización deste sector clave no ámbito rural e que repercute tamén na mellora da calidade de vida dos cidadáns, ao promover unha industria baseada na bioeconomía e que ten o reto de axudar á sociedade a reducir o impacto sobre o medio natural e a mellora do hábitat das persoas.

Entre os obxectivos que se esperan lograr en 2024 está o de superar os 10,9 millóns de metros cúbicos de corta de madeira industrial, acadar un crecemento superior ao 7 % nas transferencias aos propietarios dos montes, e lograr un incremento da facturación total da cadea monte-industria do 8 %, ata alcanzar os 2.700 millóns de euros anuais, así como chegar aos 25.000 postos de traballo.

Tal e como se informou hoxe no Consello da Xunta, esta nova folla de ruta, desenvolvida en colaboración co sector e os centros de coñecemento, estrutúrase arredor de catro eixes de actuación: a mellora do capital humano a través da formación; o impulso á innovación; a cooperación e a valorización; e a competitividade, desenvolvemento e diversificación do sector.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Entre as distintas actuacións recollidas na nova Axenda, coas que se prevé beneficiar de xeito directo arredor de 700 empresas, priorizarase medidas como o fomento de vocacións e captación de talento no sector; a promoción do uso da madeira con prescritores e consumidores finais en eidos como a construción; o impulso a novos produtos; ou o fomento da madeira en obra pública e privada, así como na compra pública e na contratación verde. Tamén se afondará en iniciativas para valorizar as frondosas e as coníferas.

A través das actuacións promovidas pola Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, a través da Axencia Galega da Industria Forestal, fomentárase a cooperación intra e intersectorial, ademais de continuar con iniciativas como #elasxeransector, un programa que visibiliza o talento feminino dentro da industria forestal.

No ámbito da innovación, búscase avanzar na caracterización de usos de recursos forestais para a obtención de fibras téxtiles, incorporando diferentes recursos e especies forestais, e no desenvolvemento de sistemas construtivos que permitan mesturas de materiais coa madeira. Ademais, tamén se incorporarán procesos de dixitalización e ecoinnovación a empresas do sector e doutros sectores que utilicen a madeira, e fortalecerase o papel do CIS Madeiro, situado en Tecnópole (San Cibrao das Viñas).

As actuacións comprendidas na Axenda galega da industria forestal-madeira 2022-2024 complementáanse cos proxectos que forman parte da candidatura galega aos fondos europeos Next Generation, como a fábrica de fibras téxtiles sustentables ou o proxecto Tech Madeira, que inclúe unha planta piloto de novos materiais sustentables derivados da madeira, así como a promoción da construción con madeira local, entre outros.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA CONSEGUE BAIXAR EN 17 DÍAS O PRAZO DE EMISIÓN DE INFORMES NO PRIMEIRO ANO DE APLICACIÓN DA LEI DE SIMPLIFICACIÓN ADMINISTRATIVA

- O Consello avaliou hoxe un informe do impacto desta lei no seu primeiro ano de vixencia
- A Lei naceu para facilitar a implantación das iniciativas empresariais en Galicia e dar paso a unha nova cultura administrativa
- Xa están funcionando ferramentas para apoiar empresas e persoas emprendedoras no desenvolvemento dos seus proxectos

A Lei de simplificación administrativa e do apoio á reactivación económica de Galicia permite baixar en máis de 17 días -17,30 días- o prazo de emisión de informes, o que redunda na axilidade da resolución de trámites empresariais.

O Consello da Xunta avaliou hoxe un informe do impacto desta Lei un ano despois da súa posta en marcha. A Lei 9/2021, do 25 de febreiro naceu para facilitar a implantación das iniciativas empresariais na Comunidade Autónoma galega, para contribuír á súa reactivación económica, así como para dar paso a unha nova cultura administrativa, máis sinxela e eficaz.

#### **Resolución de informes sectoriais**

No eido da atención ao investimento estase a dar soporte a empresas e a persoas emprendedoras no proceso de posta en marcha das súas iniciativas empresariais, así como facilitar a súa implantación.

Para isto, puxéronse a disposición da cidadanía ferramentas como os catálogos que informan dos trámites administrativos e actuacións necesarias para a posta en marcha dun proxecto, once ata o momento, en galego, castelán e inglés, entre os que se poden atopar desde talleres de reparación de vehículos ata parques eólicos, pasando por comercio de produtos artesáns ou centros de servizos sociais, entre outros.

Outra ferramenta que se reforzou coa entrada en vigor desta Lei é a Oficina Doing Business Galicia, a unidade especializada no acompañamento e tramitación dos proxectos industriais estratéxicos e das iniciativas empresariais prioritarias. Tanto estes dous recursos como outros que están xa a funcionar están accesibles á cidadanía a través da oficina Galicia Empresa.

#### **Xestión dos fondos de recuperación**

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No texto da Lei aparece ademais un punto relativo á creación de grupos de traballo destinados á xestión dos proxectos que se financien cos fondos de recuperación e resiliencia.

Ata o momento, creáronse tres grupos: un encargado do seguimento da Lei de simplificación, que realiza avaliacións periódicas desta; outro do Estudo e simplificación de subvencións, que deseñou un modelo de subvencións dirixidas a autónomos e empresas que se financien con estes fondos, e creou un banco de criterios de baremación comúns, o primeiro deste tipo en España, que permite que os solicitantes saiban que criterios van primar na subvención que están solicitando.

O terceiro grupo, o de Estudo de harmonización da contratación creou un catálogo de criterios de adjudicación para a contratación de obras, con especial fincapé nas financiadas co Mecanismo de recuperación e resiliencia (MRR), así como uns pregos de referencia para o seu uso polos órganos de contratación da Administración xeral e por parte das entidades instrumentais

Para a xestión dos fondos, a Xunta aprobou actuacións en materia de persoal, baseadas na posta en valor do talento interno da organización e da experiencia dun importante colectivo de empregados públicos neste ámbito.

Compre lembrar ademais que Galicia foi a primeira Comunidade Autónoma en aprobar un Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude de aplicación a todas as consellerías, centros directivos e entidades do sector público que executen fondos Next Generation, a finais do pasado ano 2021.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA CONVOCA POR TERCEIRO ANO O DISTINTIVO BANDEIRA VERDE DE GALICIA PARA RECOÑECER AS BOAS PRÁCTICAS DOS CONCELLOS NO COIDADADO DA PAISAXE

- Poden presentar a súa candidatura todos os concellos que impulsen proxectos e iniciativas para avanzar tamén nunha xestión responsable dos residuos, na eficiencia enerxética ou na loita fronte ao cambio climático
- Nas dúas anteriores edicións foron galardoados Porto do Son e Moaña, en ambas as convocatorias, así como Alfoz, Mondoñedo, Curtis, Parada de Sil, Outeiro de Rei, Ordes e Sober na de 2021

A Xunta convoca por terceiro ano consecutivo a concesión do distintivo Bandeira Verde de Galicia, co fin de recoñecer o esforzo e a implicación dos concellos galegos, e dos seus veciños, na protección dos elementos máis representativos da Comunidade galega: a paisaxe e o patrimonio natural.

O Consello da Xunta foi informado esta mañá da próxima apertura do prazo para a presentación das candidaturas de 2022, co obxectivo de recoñecer o traballo daquelas entidades locais que destaquen polas súas boas prácticas ambientais de conservación e protección da paisaxe, no marco da aposta do Goberno galego polo *fermosismo*.

A esta convocatoria, ao igual que ás dúas anteriores, poden optar todos os concellos de Galicia que desenvolvesen actividades relacionadas coa ordenación territorial, a protección do ambiente, a loita fronte ao cambio climático, a eficiencia enerxética, a xestión responsable dos residuos, así como accións de sensibilización e comunicación para concienciar os veciños da importancia de actuar e avanzar nestes eidos.

Deste xeito, recoñécense e distínguense os municipios máis dinámicos neste eido, desenvolvendo boas prácticas para o coidado da súa contorna, o respecto á paisaxe, a redución das súas emisións de CO<sub>2</sub>, o fomento da correcta xestión do lixo, a adopción de medidas para garantir a integridade e limpeza de espazos de interese, a posta en valor de monumentos naturais ou a redución do consumo enerxético.

Ademais, a concesión de Bandeira Verde terá como vantaxe o feito de que constituirá un mérito para os efectos da obtención de subvencións en materia de patrimonio natural.

Nas dúas anteriores edicións foron galardoados Porto do Son e Moaña, en ambas as convocatorias, así como Alfoz, Mondoñedo, Curtis, Parada de Sil, Outeiro de Rei, Ordes e Sober na de 2021.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **Apuntalar a Galicia verde**

Galicia dispón dunha rica e extensa diversidade paisaxística e un distintivo como a Bandeira Verde fortalece a imaxe das vilas e pobos de Galicia. Grazas a este tipo de recoñecementos, sitúase a comunidade na vangarda e ponse en valor o esforzo dos concellos que implanten boas prácticas e fomenten o compromiso dos seus veciños coa protección da paisaxe e do ambiente.

Así mesmo, esta distinción pretende ser unha correa de transmisión entre o traballo que fan as administracións locais e a implicación da cidadanía no coidado e na protección da contorna natural e paisaxística, amosando o seu compromiso no coidado dos elementos máis representativos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **O NOVO PLAN LÍA INCREMENTA O SEU ORZAMENTO EN MÁIS DO 20 %, ATA OS 17M€, PARA CONVERTER AS BIBLIOTECAS ESCOLARES EN LABORATORIOS DE APRENDIZAXE INCLUSIVOS E CONTRA O ABANDONO ESCOLAR**

- O Consello da Xunta analizou a nova follla de ruta para guiar as actuacións nas bibliotecas ata 2025, a terceira fase desta iniciativa nacida en 2010 ten como obxectivo que Galicia siga sendo líder neste eido
- O informe PISA reflicte os bos resultados en competencia lectora, en que a nosa Comunidade é terceira do Estado
- Ampliarase o número de colexios e institutos no Plan de mellora e convocarase un programa de acompañamento entre centros
- Fomentarase o intercambios cos diferentes axentes implicados no impulso da lectura e a inclusión de máis centros no programa de bibliotecas de excelencia
- Reforzaranse os programas de alfabetización para o uso da información, cun específico de educación audiovisual
- Impulsarase a formación do profesorado, piar fundamental destes espazos

O Consello da Xunta analizou hoxe o novo Plan lectura, información e aprendizaxe (LÍA) de bibliotecas escolares, a follla de ruta que guiará as actuacións do Goberno galego nesta materia ata 2025. O orzamento previsto para o período increméntase en máis de 3M€, un incremento de máis do 20 %, e situarase arredor dos 17M€.

Trátase da terceira fase desta iniciativa, que comezou en 2010, que nace co obxectivo de que Galicia continúe sendo líder nesta materia, tal e como poñen de relevo as estatísticas nacionais ao respecto, con valores para a nosa Comunidade superiores á media española no relativo á variedade e intensidade das actividades que se desenvolven nas bibliotecas dos centros de ensino.

Así mesmo, o bo papel destes espazos queda reflectido no informe PISA, en que o alumnado galego rexistrou o terceiro posto de España en competencia lectora, con 494 puntos, 17 puntos por riba da media española (477 puntos) e por riba das medias da OCDE (487) e da Unión Europea (489).

Baseado en sete puntos de acción principais, o novo plan ten entre as súas liñas de acción prioritarias continuar afondando na conversión destes espazos en laboratorios de aprendizaxe inclusivos e compensadores de desigualdades.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Con carácter xeral, o plan establece como obxectivos dotar os centros educativos de bibliotecas acordes coas necesidades do século XXI; avanzar na inclusión, conseguir melloras na comprensión, utilización e avaliación crítica de diferentes formas de información; apoiar a adquisición das competencias clave do alumnado e contribuír a un maior logro académico, incentivar o uso destes espazos e fomentar a lectura.

Así mesmo, preténdese reforzar as bibliotecas como puntos estratéxicos para acceder ás aprendizaxes na era dixital e como referentes para unha cidadanía activa e facilitar ao profesorado formación e recursos para a renovación das prácticas educativas e a incorporación de metodoloxías activas.

### **Ampliación do Plan de mellora**

O primeiro dos puntos de acción ten como obxectivo principal continuar a renovación da rede de bibliotecas escolares de Galicia, adaptándoas ás necesidades do século XXI. Entre as liñas de acción prioritarias figuran continuar a ampliación de centros integrados no Plan de mellora (PLAMBE, que chega xa a 773 centros), con especial atención ao ámbito rural (neste marco desenvolveuse xa unha acción destinada a apoiar as bibliotecas escolares de centros de ámbito rural, da que se beneficiaron 117 centros en 2021).

Así mesmo, melloraránse os recursos das bibliotecas e ampliarase o acceso á plataforma do proxecto E-LBE.2, de lectura e préstamo de contidos dixitais, e porase en marcha o programa *Xuntos+*, unha convocatoria de apoio a centros de ensino secundario, que consistirá nunha proposta de acompañamento entre un centro experimentado e un centro en fase inicial, durante dous cursos como mínimo, con obxectivos concretos de mellora nos distintos ámbitos.

A biblioteca escolar é un factor de compensación de desigualdades sociais e de loita contra o abandono escolar –no que Galicia rexistrou o dato máis baixo da súa historia, un 8,1–, así como un espazo para a inclusión. Neste segundo punto de acción as liñas prioritarias pasan por continuar co desenvolvemento dos programas *Biblioteca inclusiva* e *Bibliotecas escolares solidarias* como oportunidades para o desenvolvemento persoal, social e cultural do alumnado.

### **Bibliotecas de excelencia**

O terceiro dos puntos de acción pasa por establecer e reforzar redes de colaboración con bibliotecas públicas e outros axentes sociais con influencia na construción da sociedade lectora. Neste caso proporase abordar un programa ibérico de colaboración e intercambio en materia de bibliotecas escolares, dando resposta á demanda doutras comunidades e países do contorno máis próximo (Portugal, Asturias e outros), así como

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

promover a creación de redes de cooperación coas bibliotecas públicas, librarías de proximidade e iniciativas culturais da contorna próxima.

O cuarto punto céntrase en avanzar no modelo de biblioteca como laboratorio creativo de aprendizaxes. Para iso impulsárase o programa *LÍA.3*, que configurará modelos de bibliotecas de excelencia en que sexan protagonistas as diferentes linguaxes, a creatividade, a expresión e a comunicación.

Na actualidade forman parte desta rede 25 centros, case a práctica totalidade deles no rural. As súas bibliotecas contan con espazos de lectura individual, traballo en pequenos e grandes grupos, recuncho de ciencias, emisora de radio, recursos de robótica e impresión 3D, set para gravación de audiovisuais e moitos outros recursos ao servizo da exploración, a investigación e o traballo colaborativo de todos os membros da comunidade educativa.

### **Lectura e formación docente**

O impulso da competencia lectora a través de programas como como *Hora de Ler* ou os *Clubs de Lectura* constitúe o quinto punto de acción, mentres que o sexto se centra en afondar na alfabetización mediática, favorecendo que o alumnado se manexe no uso e comprensión da información. Neste caso, unha das liñas prioritarias de actuación pasa por continuar estendendo o programa *Radio na biblio*, en que xa participan 138 centros de toda Galicia. Afondando neste sentido, unha das liñas prioritarias de actuación pasa polo inicio dun programa de educación audiovisual desde a biblioteca escolar.

Finalmente, a formación do profesorado como pilar fundamental do éxito das bibliotecas escolares galegas centra o sétimo punto de acción do Plan LÍA. Neste sentido, as liñas de actuación prioritarias inclúen o impulso de propostas formativas e iniciativas que favorezan o emprego dos recursos e servizos da biblioteca escolar no desenvolvemento das prácticas cotiás dos centros de ensino, así como proporcionar apoio preferente ás metodoloxías activas e colaborativas.

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# MÁIS DE MEDIO MILLÓN DE PERSOAS PARTICIPARON NO PROGRAMA GALEGO DE DETECCIÓN PRECOZ DO CANCRO COLORRECTAL DA XUNTA DE GALICIA

- Grazas ás colonoscopias realizadas a 29.274 pacientes no marco do Programa, lévanse detectados 1.539 casos de cancro invasivos, 5.183 de adenomas de alto risco, 7.232 de adenomas de risco medio e 6.691 de adenomas de baixo risco
- Galicia completou a cobertura do 100 % da poboación en 2019, cinco anos antes do que establece a Carteira básica común de servizos do Sistema nacional de saúde
- Durante 2021 levouse a cabo a totalidade do Programa correspondente ao dito ano, ademais de lograr recuperar a actividade pendente por mor da pandemia da COVID
- O cancro colorrectal é o tumor maligno máis frecuente na poboación e a detección precoz pode diminuír a mortalidade por esta enfermidade nun 35 %

O conselleiro de Sanidade, Julio García Comesaña, informou hoxe o Consello da Xunta do resultados do Programa galego de detección precoz do cancro colorrectal desde a súa posta en marcha. O programa comezou a funcionar no ano 2013 e participaron nel un total de 519.869 persoas.

Durante este tempo e ata decembro de 2020, enviáronse un total de 1.121.329 invitacións e participou no programa o 45 % das persoas invitadas, sete puntos superior en mulleres (48,33 %), que en homes (41,37 %). Porén, a taxa de positividade do test é máis alta para os homes (7,99 %) que nas mulleres (4,92 %), sendo tamén maiores para os homes as taxas de detección de cancro e de adenomas. De todo isto despréndese a importancia de aumentar a participación no programa, sobre todo no caso dos homes

Ao analizar a participación por rolda de cribado, pódese observar que aquelas persoas que xa participaron algunha vez volven facelo nun 91,37 %.

Desde o inicio do Programa e ata decembro de 2020, realizáronse colonoscopias a un total de 29.274 persoas. Grazas a estas probas puidéronse identificar 1.539 cancro invasivos, dos que o 67 % estaban en estadios precoces nos cales o seu pronóstico é significativamente mellor (49 % en estadio I e 18 % en estadio II). Se comparamos estes resultados cos dos cancro colorrectais detectados fóra do cribado, neste último caso tan só o 14 % son diagnosticados en estadio I. Ademais dos cancro tamén se identificaron 5.183 persoas con adenomas de risco alto, 7.232 de risco medio e 6.691 de risco baixo.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Cómpre subliñar que a Consellería de Sanidade completou a cobertura total a toda a poboación obxectivo do Programa galego de detección precoz do cancro colorrectal en 2019, cinco anos antes do que establece a Carteira básica común de servizos do Sistema nacional de saúde (SNS).

### **Xestión do programa durante a pandemia**

A declaración de emerxencia sanitaria pola COVID-19 en marzo de 2020 obrigou á paralización do Programa para evitar unha posible sobrecarga dos sistemas sanitarios asistenciais. Desde o día 13 de marzo en diante canceláronse todas as citas nos centros de saúde e as citas hospitalarias de colonoscopia programadas para as seguintes semanas. A partir desa data non se enviaron novas cartas de invitación nin novos test.

Ao mesmo tempo, as persoas invitadas que xa tiñan o test na casa e estaban pendentes de entregalo no centro de saúde recibiron un SMS ou unha carta para comunicarlles que non debían entregar a mostra ata novo aviso. A mediados de maio de 2020, de acordo coas xerencias das áreas sanitarias do Sergas, reiniciouse a actividade do Programa retomando as citas de precolonoscopia nos centros de saúde e as colonoscopias pendentes, priorizando as máis urxentes. En novembro de 2020 retomouse o envío de test á poboación albo do Programa e o 11 de xaneiro de 2021 o envío de invitacións para participar no programa. Durante o ano 2021 levouse a cabo a totalidade da actividade basal do Programa correspondente ao dito ano, ademais dun incremento mantido ao longo do ano para recuperar o atraso acumulado nos meses de paralización pola COVID-19 .

Así, durante o ano 2021 foron enviadas 383.059 invitacións, mentres que se enviou test para a toma de mostra a 298.625 persoas. Isto supón un notable incremento respecto ao ano 2019 (prepandemia) en que se fixeron 230.457 invitacións e se enviaron 163.518 test. En consecuencia, isto supuxo ter que afrontar un importante incremento do número de colonoscopias. De feito, leváronse a cabo 13.072 primeiras colonoscopias, fronte ás 10.227 realizadas no ano 2021.

### **Funcionamento do programa**

A proba de cribado consiste na detección de sangue oculto nas feces. A poboación albo, homes e mulleres de 50 a 69 anos, recibe no seu domicilio un folleto onde se lle explica o programa, un SMS ou unha carta cunha invitación a participar e unha tarxeta de aceptación con franqueo pagado. Para aceptar a participación, o usuario pode devolver a tarxeta depositándoa en calquera caixa de correos ou aceptar de forma telemática, seguindo as instrucións que se lle proporcionan na propia carta. Seguidamente, envíaselle ao seu domicilio o material necesario para a toma da mostra e as instrucións para recollela.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Unha vez recollida, o participante deposítala no seu centro de saúde desde onde se remitirá ao laboratorio do hospital de referencia para a súa análise. As persoas con resultado negativo recibirán unha carta con este resultado de normalidade e volveranse invitar no prazo de dous anos. As persoas con resultado positivo no test son citadas na consulta do seu médico de atención primaria para explicarlles o significado e a necesidade de realizar unha colonoscopia para descartar ou confirmar a presenza de lesións.

A colonoscopia de cribado ten un carácter diagnóstico e terapéutico, xa que permite visualizar e extirpar todas as lesións detectadas. Unha vez realizada e extirpadas -se é o caso- as lesións suxestivas de malignidade, estas son analizadas no laboratorio de anatomía patolóxica e o programa de cribado realiza unha avaliación de risco de todos os pacientes, clasifícaos de acordo a este risco e establece o seguimento adecuado para cada paciente.

### **Tumor máis frecuente na poboación**

O cancro colorrectal é o tumor maligno máis frecuente na poboación. Nas mulleres é o segundo en incidencia por detrás do de mama; e nos homes é o terceiro tras o cancro de pulmón e o de próstata. En relación coa mortalidade, é a segunda causa de morte por cancro tanto en homes como en mulleres e constitúe a quinta causa de mortalidade en Galicia.

Este tipo de cancro non produce síntomas ata que xa está moi avanzado, polo que a maior parte se diagnostica en estadios avanzados. Isto afecta a supervivencia dos pacientes xa que, aos cinco anos do diagnóstico, é do 75-90 % se o cancro é detectado en fases iniciais (fase I-II) e de tan só do 15 % cando é detectado en fases máis avanzadas (fase IV). A detección precoz pode diminuír a mortalidade por esta enfermidade nun 35 %.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA SOMETERÁ PROXIMAMENTE A CONSULTA PÚBLICA PREVIA A FUTURA LEI DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN PARA GARANTIR A PARTICIPACIÓN CIDADÁ NA SÚA ELABORACIÓN**

- O Consello do Goberno galego autorizou este trámite co fin de que todos os interesados poidan emitir as opinións, valoracións ou achegas que consideren oportunas
- O texto legal regulará de forma realista este tipo de propiedade, a condición de comuneiro, os actos de disposición ou a organización e funcionamento das comunidades, harmonizando a norma co propio dereito civil galego e coa lexislación do Estado
- A primeira Lei de montes veciñais de Galicia data de 1989, polo que cómpre actualizar esta normativa, tendo en conta os cambios rexistrados nos últimos trinta anos no medio rural galego

A Xunta someterá proximamente a consulta pública previa a futura Lei de montes veciñais en man común de Galicia, co fin de que todos os interesados poidan emitir as opinións, valoracións ou achegas que consideren oportunas. Así o autorizou hoxe o Consello do Goberno galego, na súa reunión semanal, en que avaliou un informe da Consellería do Medio Rural sobre este asunto.

Este texto legal regulará de forma realista este tipo de propiedade, a condición de comuneiro, os actos de disposición ou a organización e funcionamento das comunidades, harmonizando a norma co propio dereito civil galego e coa lexislación do Estado. Polo tanto, pretende ser unha ferramenta normativa útil para acometer con eficacia iniciativas de activación da xestión forestal privada e para mellorar a gobernanza destes montes e o funcionamento das comunidades. Tamén persegue contribuír á loita contra o abandono do rural e a infrautilización dos terreos forestais.

Neste sentido, a Xunta considera que é preciso favorecer o mantemento da capacidade produtiva sustentable destes terreos, a valorización de todos os recursos e servizos forestais, a multifuncionalidade e a súa organización e xestión, así como a súa protección. Así mesmo, débese apostar por fomentar a boa gobernanza no seo dos órganos de decisión e representación das actuais comunidades de montes veciñais.

A primeira Lei de montes veciñais de Galicia data de 1989, polo que cómpre actualizar esta normativa, tendo en conta os cambios rexistrados nos últimos trinta anos no medio rural galego. Ademais, esta actualización está prevista na 1ª revisión do Plan forestal de

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Galicia, “cara á neutralidade carbónica”, aprobada en outubro pasado, e foi incluída tamén entre as recomendacións do ditame da comisión forestal que foi aprobado polo pleno do Parlamento de Galicia co apoio de tres cuartas partes da cámara, polo que conta cun amplo consenso.

Os efectos do cambio sociodemográfico das últimas décadas son cada vez máis notables desde o punto de vista económico, social e ambiental, e teñen un profundo impacto no monte galego. Por iso, a xestión eficaz das 664.630 ha ocupadas por montes veciñais por parte das súas comunidades propietarias e a mellora do funcionamento destas permitirá abordar a crecente demanda social de que os sistemas forestais sexan xestionados con criterios de sustentabilidade, multifuncionalidade, conservación da biodiversidade e loita contra o cambio climático. Ademais, proporcionará interlocutores válidos para o desenvolvemento das políticas públicas e a actuación dos distintos axentes sociais e económicos que operan no territorio.

### **Datos dos montes veciñais**

Os montes veciñais en man común constitúen un tipo de propiedade privada de natureza xermánica singular no contexto estatal, e localízanse maioritariamente no noroeste de España (case exclusivamente en Galicia). Segundo datos do Rexistro de Montes Veciñais en Man Común, existen na actualidade 3.312 montes clasificados polos xurados provinciais, que totalizan 664.230 ha, o que dá unha cifra media de 220 ha por monte (rango de 92 a 430 ha, segundo o distrito forestal).

A distribución destes montes non é homoxénea nas catro provincias galegas: o 39,2 % sitúanse en Ourense; o 30 % en Lugo; o 21,7 % en Pontevedra e só o 9,1 % na Coruña. O número total de comuneiros en Galicia é de 122.734, cunha media de 44 comuneiros por monte. As cifras indican a grande importancia superficial e social deste tipo de propiedade privada e colectiva.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA